

Santiago de Compostela/Coruña/Vigo, 25 de xaneiro de 2016

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXÁMEN FINAL DAS MATERIAS DO MÁSTER

As materias do Máster en Investigación Química e Química Industrial teñen carácter anual, o que permite que sexan impartidas ao longo do curso académico, acudindo a diferentes formatos organizativo-temporais.

A Comisión Académica, tendo en conta as características do Máster, acordou implantar un calendario de actividades lectivas que supón impartir as materias no período de setembro a abril, en calendarios intensivos, coa debida prelación entre elas, co obxecto de asegurar a debida secuenciación da aprendizaxe.

Tódalas materias contemplan un sistema de avaliación que combina a avaliación continua coa realización obrigada dun exame final, debendo contemplarse para cada materia (agás as materias Seminario de Máster, Iniciación á Investigación Científica, Iniciación á Práctica Profesional e Traballo Fin de Máster) os dous exames oficiais seguintes:


- Exame final ordinario, a realizar no mes de maio, nas datas establecidas no calendario correspondente.
- Exame extraordinario, a realizar en xuño-xullo, no calendario oficial establecido ó efecto.

Agora ben, a modalidade de impartición intensiva aconsella complementar este sistema de exames coa realización dun exame anticipado, a realizar nunha data próxima ó remate de impartición da docencia de cada materia, por considerase máis axeitado dende o punto de vista do alumnado.

En virtude disto, a Comisión Académica acorda o seguinte:

- Cada materia poderá realizar un exame final anticipado na data que acorden unánimemente o profesorado e alumnado da materia nas tres universidades do consorcio.
- O coordinador da materia será o encargado de xestionar este asunto, incluída a solicitude de autorización á Comisión Académica.
- Poderán participar neste exame os/as alumnos/as que voluntariamente así o decidan.
- Os alumnos que non acudiran o exame anticipado ou teñan suspendido este exame, deberán asistir ó exame oficial ordinario, se queren aprobar a materia na oportunidade ordinaria.
- Os alumnos que superaran a materia no exame anticipado, poderán asistir ó exame oficial ordinario de maio, para tentar mellorar nota.
- Poderán asistir ó exame oficial extraordinario de xuño-xullo únicamente os/as alumnos/as que non superaran a materia no exame final ordinario de maio.

O coordinador xerl do Máster



Asdo.: Ramón J. Estévez Cabanas